MULLERES. ▸ 19 e 20 **OTAN.** ▸ 18 **EO ALIMENTA .** ▸ 9

ESPAÑA FRANQUEO CONCERTADO F.C. Nº 15000077

25 de xullo. Día da Galiza ▸ 10 e contraportada



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano IL - Nº 339 - Xuño-Xullo 2022

EN PÉ DE LOITA POLO FUTURO DO NOSO AGRO



Baixo o lema "Non aguantamos máis", o pasado 5 de xullo, o Sindicato Labrego Galego e outras asociacións agrarias mobilizarónse en Ourense demandando medidas urxentes e precisas para garantir a supervivencia do sector primario. As produtoras e os produtores de alimentos esixiron aos gobernos galego e estatal medidas inmediatas que freen á situación crítica derivada do impacto da suba de custos de produción, ademais do patente incumprimento da Lei da Cadea Alimentaria e as nefastas políticas agrarias aplicadas nas últimas décadas, responsábeis do peche de milleiros de granxas no noso país. ▸ 3

SECTOR LÁCTEO

Sen índices oficiais de custos e prezos, o RD314/2022 non poñerá fin á venda a perdas ▸ 6

INVASIÓN EÓLICA

A Conselleira impide de novo o pronunciamento do COGAMADS ▸ 7

sindicato labrego galego
comisións labregas

Agroecoloxía ou barbarie. Como nos maltrata a agroindustria

O Sindicato Labrego Galego coordinou a elaboración dunha campaña europea contra a explotación agroindustrial realizada durante a semana do 21 ao 24 de xuño, en Santiago de Compostela. Nas xornadas participaron representantes do Grupo de Traballo de Migración e Traballo Rural da Coordenadora Europea Vía Campesina, así como de organizacións a nivel galego e estatal. ▸ 13 a 15



EDITORIAL

Lume, abandono, fame, armas e OTAN

No momento no que este Fouce está a punto de ir para a imprenta o balance dos lumes que arrasaron a nosa terra nestas semanas, con máis 33.000 hectáreas ardidas e 85 casas queimadas non pode ser máis desolador. Dous incendios, o do Caurel con 11.100 hectáreas ardidas, e Valdeorras, con 10.500 hectáreas ardidas, obtiveron o triste récord de ser os maiores incendios documentados dende que hai rexistros en Galicia. Á parte do despropósito do servizo de extinción de incendios, no que moitas das brigadas de extinción de lumes dos concellos están sen contratar no mes de xullo, boa parte das brigadas da Xunta teñen a maioría dos seus compoñentes de baixa e non se cubren as prazas vacantes, numerosas voces denuncian como se botaron as veciñas e veciños dos lugares para que non visen arder as súas casas sen que chegasen os medios de extinción, os camións militares da UME quedaban trancados nas pistas obstaculizando máis ca axudando pola falta de coñecemento do terreo, e as poucas persoas veciñas que conseguiron quedar, case sen medios, foron fundamentais para que moitas casas e aldeas non ardesen.

A ninguén se lle escapa a día de hoxe que a desaparición dramática das actividades agrícolas e gandeiras de moitas zonas do país, a expansión da broza e das especies pirófitas coma o piñeiro e o eucalipto, converten gran parte da nosa terra nun auténtico polvorín. A existencia cada vez de máis días con altas temperaturas e os episodios metereolóxicos extremos como as secas serán, segundo as persoas expertas, cada vez máis frecuentes. Se poñemos un mapa de Galicia e vemos os concellos nos que houbo os maiores lumes e os concellos nos que desapareceu a produción de leite nos últimos anos hai case unha coincidencia perfecta. Temos o maior gasto de diñeiro público polos lumes do Estado e o maior número de hectáreas ardidas, así que podemos concluír que se seguimos coas mesmas políticas agrarias e forestais que nos trouxeron ata aquí o futuro do noso rural vai seguir sendo lumes e destrución.

Mentres tanto, a inflación cabalga desbocada, con unha suba que non cesa dos custos de produción, pagamos a luz un 40% máis cara ca hai un ano, por exemplo, e á vez temos unha suba imparable de todos os bens básicos para as persoas consumidoras. A Rede Mundial contra as crises alimentarias, unha alianza internacional das Nacións Unidas (FAO), a Unión Europea e diversos organismos, acaba de sacar un informe no que se destaca que o número de persoas que sofre inseguridade alimentaria aguda segue aumentando a un ritmo alarmante. 193 millóns de persoas en 53 países ou territorios encóntranse en contexto de crise con unha inseguridade alimentaria aguda ou nas peores fases (3 a 5 da clasificación integrada en fases da seguridade alimentaria). Máis de 40 millóns de persoas ca as que estaban nesta situación en comparación coas cifras máximas en 2020.

Unha economía baseada máis en producir armas para matar que en dispoñer dos alimentos ou os medicamentos necesarios

A fraxilidade dos sistemas alimentarios mundiais, en gran medida en mans da especulación e dos intereses de grandes corporacións, fan que cada vez sexan peores as condicións das persoas que producimos alimentos e á vez maiores as dificultades das persoas consumidoras para acceder aos alimentos necesarios, con efectos dramáticos xa en países con un alto grao de dependencia das importacións de alimentos e insumos agrícolas e gran vulnerabilidade da poboación ante as crises dos prezos mundiais dos alimentos.

A Comisaria de Asociacións Internacionais, a señora Jutta Urpilainen, alertou da maior crise alimentaria da historia. Unha conclusión do informe da Rede Mundial contra as crises alimentarias demostra "a necesidade de dar maior prioridade á agricultura a pequena escala como resposta humanitaria de primeira liña para superar as limitacións de acceso, e como solución para inverter as tendencias a medio prazo". O modelo de produción e distribución de alimentos industrializado que temos non é un modelo que protexa a vida, que protexa as persoas labregas ou que protexa a sociedade, pero as políticas agrarias oficiais van curiosamente no sentido contrario: maior apoio ás producións industriais e maiores dificultades para a agricultura e a gandería a pequena escala.

Lonxe de atender todas as necesidades fundamentais da poboación, os gobernos semellan máis preocupados en como aumentar o gasto militar e á vez a súa capacidade de alimentar guerras para saquear os recursos dos pobos e unha economía baseada máis en producir armas para matar que en dispoñer dos alimentos ou os medicamentos necesarios. Acaba de rematar o cumio da OTAN en Madrid coa decisión do Estado español, por exemplo, de aumentar o gasto militar dende os 12.208 millóns de euros actuais (un 1,03 % do Produto Interior Bruto) ata os 24.000 ano (2% do P.I.B) nos próximos 7 anos.

Os que dirixen lévannos cara ao desastre e logo dirán que a culpa non é ninguén, do tempo porque non chove, das guerras que alimentan coas súas armas e decisións políticas, de todos, que é como dicir que non é de ninguén, ou dalgún terceiro que nunca son eles, aínda que en Galicia leven gobernando os mesmos os últimos 40 anos, case de xeito ininterrompido, e no Estado alternando PP e PSOE, sen que haxa moita diferencia entre os uns e os outros no que se refire ao rural e á agricultura, ou a gastar gran cantidade do diñeiro público na industria da guerra. O presidente do goberno, Pedro Sánchez, e o líder da oposición, Alberto Feijoo, felicítanse polo éxito do cumio da OTAN, basicamente por aumentar o gasto en armas, mentres temos a maioría dos centros de saúde sen médicos e á maioría da poboación nos costa cada día máis poder chegar a fin de mes.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓNS
Ana Rodríguez Vázquez, Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Eiras, Diego Sánchez Agra

PECHE DE EDICIÓN 10-06-2022

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000
AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

GRANXAS ▸ Mobilización unitaria o 5 de xullo en Ourense para esixir medidas inmediatas que garantan prezos por riba dos custos de produción

A Xunta deixa morrer as granxas galegas





Á esquerda, a gandeira e integrante da Executiva Nacional do SLG, Sonia Vidal intervindo. Á dereita, varias persoas manifestándose nas rúas de Ourense o 5 de xullo.

A Xunta de Galicia aboca á cidadanía galega á dependencia de alimentos industriais traídos de fóra a prezos desorbitados

Centos de persoas secundaron na mañá do 5 de xullo en Ourense a mobilización convocada pola Asociación de Empresarios, Gandeiros e Agricultores da Limia (ADEGAL), a Asociación de Productores da Pataca da Limia, Federación Rural Galega (FRUGA), Unións Agrarias (UUAA) e o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, en demanda de medidas urxentes para garantir a supervivencia do sector primario.

Baixo o lema "Non aguantamos máis", as produtoras e produtores de alimentos esixiron aos gobernos galego e estatal medidas inmediatas que freen a situación crítica derivada do impacto da suba de custos de produción, ademais do patente incumprimento da Lei da Cadea Alimentaria e as nefastas políticas agrarias aplicadas nas últimas décadas, responsábeis do peche de milleiros de granxas no noso país.

A gandeira e integrante da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Galego, Sonia Vidal, salientou a importancia de transitar cara a un cambio de modelo agroalimentario que protexa e garanta a produción de alimentos de calidade no noso territorio: "A Xunta de Galicia está a actuar dun xeito absolutamente irresponsable. Cada vez máis persoas están tendo dificultade para poder mercar alimentos. Canto menos alimentación producimos na Galiza, máis vulnerábeis somos á alza desorbitada de custos. Para que aprobou a Consellaría do Medio Rural a Lei da Cadea Alimentaria se non tiña pensado facela cumprir?

A cidadanía ten que comezar a tomar consciencia de que o Partido Popular de Galicia é unha organización ao servizo das grandes industrias alimentarias. Que os alimentos sexan cada vez máis caros é unha situación de mercado ca que están moi cómodos, unha inxustiza coa que están dispostos a colaborar activamente, por exemplo insistindo na política de brazos caídos que está acelerar a morte do sector primario."

Na lectura final do manifesto unitario, as organizacións convocantes chamaron a atención sobre a caída do número de persoas produtoras de alimentos no noso país, pouco máis de 70.000 labregas e labregos no presente ano.

"Morrendo non podemos producir"

A zona da Limia aínda xera de xeito directo o 20% da actividade económica da comarca. De modo indirecto repercute no resto de actividades, en particular no comercio, que supón o 19,9% da súa economía. O grado de aproveitamento agrario co que conta a comarca da Limia é polo tanto moi relevante. Xunto a municipios lindeiros como Xunqueira de Ambía, Sandiás, Vilar de Santos e a chaira da Limia, conta cunha superficie agraria útil superior ao 50%, cando no resto da Galiza a cifra non supera o 28%.

De feito, a quinta parte da afiliación á Seguridade Social na comarca da Limia é da agricultura, en municipios como Baltar, Calvos de Randín, Porqueira ou Sarreaus o sector agrario mesmo supera o 30% da afiliación total á Seguridade Social. O peso deste sector pon sen dúbida de relevancia a necesidade da súa defensa como eixo de futuro da economía comarcal, mais a agresiva suba de custos padecida nos últimos meses está a pór en risco os postos de traballo de moitas familias da Limia, supoñendo o peche definitorio dun importante número de granxas, situación que, sen dúbida, agravará a dependencia da cidadanía galega de alimentos traídos dende fóra. "Avisamos da situación asfixiante no mes de marzo, e avisamos que sairíamos ás rúas de novo, e aquí estamos hoxe, meses despois, cos prezos dos carburantes, da electricidade, dos insumos e dos fertilizantes a alza e sen previsión de baixada. A cidadanía ten que saber que a irresponsabilidade política está poñendo en risco a produción de alimentos no noso país. Morrendo NON podemos producir", sentenciaron as organizacións que convocaron a mobilización.

CARNE ▸ Matadoiros e operadores están obrigando a asinar contratos con prezos por embaixo de custos incluíndo textos que din o contrario

A Consellaría do Medio Rural segue a ser cómplice do incumprimento da Lei da Cadea Alimentaria

Os abusos increméntanse por mor da neglixencia da CMR para activar fórmulas de control e sancións para garantir os prezos


Vacas vianesas en Rois (A Coruña).

O pasado 28 de marzo a Consellaría do Medio Rural (CMR), matadoiros, distribución e outras organizacións de produtores -como UU.AA- asinaron o Protocolo da Cadea de Subministro para as Explotacións de Vacún de Carne adheridas á IXP Ternera Gallega, un acordo que venderon ao sector e á sociedade como "histórico". O SLG non o asinamos porque claramente era fume, un texto para saír do paso e desmobilizar ao sector, un cheque en branco para a industria e a distribución que non recollía ningún tipo de medida concreta.

Os matadoiros e operadores, actores nesta posta en escena da CMR, cómodos ca neglixencia de control e abandono de responsabilidades da Administración pública, non só desbotan absolutamente ter en conta estes custos de produción e seguen pagando por embaixo dos mesmos, senón que algúns deles afondan aínda máis nos seus abusos obrigando ás granxas a asinar contratos para poder sacar os tenreiros que recollen que o prezo que se lles está pagar "*incluye los costes efectivos de producción determinados por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*".

Dende o SLG ademais de subliñar o alarmante deste tipo de prácticas de coacción, entendemos que este documento nin tan sequera se axusta á lei, xa que actualmente dende o Ministerio de Agricultura non existe ningún estudo de custos de produción, nin fixados parámetros para o seu cálculo. Instamos tanto á CMR como ao Ministerio de Agricultura á apertura urxente dunha inspección que aclare como se están a realizar estes contratos e, de confirmarse que non se axustan á legalidade, que actúen de xeito inmediato a través da imposición de sancións.

Na maior parte dos mesmos o prezo fixado é moito máis baixo que o marcado na mesa da IXP Ternera Gallega, o que fai insostíbel a situación das granxas de vacún de carne. A maiores dos problemas xa existentes, agora teñen que sumarlle a perda total de autonomía para negociar polo seu produto.

Esiximos que a CMR garanta prezos por riba dos 6,20€/kg.

A CMR confirma que as granxas seguen vendendo a perdas: 6,20€/kg custos de produción fronte aos 5,20€/Kg prezo de venda. O SLG desenvolve campaña de asembleas para informar dos termos do Protocolo, do seu incumprimento e valorar accións. O 30 de maio a Consellería de Medio Rural (CMR) presentou un estudo de custo de produción no sector cárnico que evidencia con claridade que as granxas galegas seguen a vender a perdas. Dito informe fixou o custo de produción arredor dos 6,20€/kg. , pero a día de hoxe o prezo que perciben as produtoras, no mellor dos casos, non supera os 5,20€/kg., non sendo tan sequera este o prezo xeral.

Malia que algunha das partes asinantes deste Protocolo pretende obviar a realidade e seguir cualificando este documento como "histórico", o certo é que a día de hoxe séguese sen cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e as granxas galegas vendendo a perdas, e en moitos casos pensando no peche. Dende o Sindicato Labrego Galego esiximos á Xunta de Galicia que cumpra coas súas obrigas e cree os mecanismos que contempla a Lei da Cadea Alimentaria de xeito inminente, establecendo os mecanismos de control e sanción que estean na súa man para evitar que as granxas sigan a vender a perdas, e que se deixe de fotos e vender fume con falsos representantes do sector cun protocolo que xa está confirmado que nin serviu nin vai a servir para nada.

Así mesmo, esiximos activación urxente dunha liña de axudas dende a propia CMR para paliar a difícil situación que atravesan as granxas galegas, e que de xeito inmediato a IXP Tenreira Galega fixe os prezos tomando como referencia este estudo de custos de produción, fixando polo tanto o prezo mínimo da mesa en 6,20€/kg. A pesares de non termos asinado o Protocolo, lembramos á CMR que ten a obriga de escoitar ás granxas que forman parte do SLG, absténdose de tentar silenciar ou apartar as voces que non fan a campaña política que quere a Consellería.

CROTAIS ▸ O Sindicato Labrego Galego solicitará reunirse coa Consellaría do Medio Rural para que recupere a calidade destes identificadores animais


As granxas denuncian unha sensíbel míngua na calidade dos crotais subministrados polas OAC da CMR

Estas incidencias obrigan ás gandeiras e gandeiros a solicitar duplicados dos identificadores que están estragados

A colocación de crotais de identificación animal en ámbalas dúas orellas do gando é obrigatoria. Estas comúns pezas son subministradas pola empresa Felixcan do grupo Datamars e entregadas nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellaría do Medio Rural (CMR).

Dende Hai arredor dun ano, as gandeiras e os gandeiros estamos a comprobar unha sensíbel mingua na calidade dos materiais cos que están fabricados.

Estes novos crotais están elaborados cun plástico moito máis feble ca antes, podéndose incluso chegar a separar as dúas pezas do broche cas mans, abrindo, polo tanto, con facilidade cos movementos dos animais. Como consecuencia, acaban perdéndose ou rompendo. Estas incidencias están obrigando ás granxas a gastar tempo e recursos en realizar novos trámites administrativos para solicitar duplicados dos identificadores que están estragados, pagar a taxa de recrotalización e correr cos custos do novo envío, ao que se pode engadir o pago da colocación se é realizada por servizos externos.



Un exemplo dos crotais defectuosos suministrados pola empresa Felixcan do grupo Datamars e entregadas nas Oficinas Agrarias Comarcais da CMR.

Ademais, a maiores dos problemas para as granxas derivados da mala identificación dos animais, o deterioro ou extravío dun ou dos dous crotais implica penalizacións nas axudas da Política Agraria Común (PAC), entre outras medidas administrativas, recaendo todos os prexuízos nas gandeiras e nos gandeiros.

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) solicitará unha xuntanza ca Consellaría do Medio Rural para abordar esta problemática e garantir a volta a uns identificadores animais seguros e de calidade.

MONTES ▸ A veciñanza que desenvolve actividade agraria está preocupada ante a posíbel expansión da multinacional Surexport en Cospeito (Lugo)

Os Montes en Man Común, no punto de mira da agroindustria

Como vimos alertando neste último ano, a agroindustria de froitos vermellos, e nomeadamente a multinacional andaluza SUREXPORT, está en plena estratexia de expansión tentando acaparar máis extensións de terra no noso país -xa conta con plantacións na Terra Chá-. No mes de xuño representantes do SLG e integrantes da delegación internacional de La Vía Campesina desprazadas a Galiza para participar no seminario "Agroecoloxía ou Barbarie. Como nos maltrata a agroindustria", reuníronse con veciñas e veciños dunha comunidade de montes de Cospeito á que SUREXPORT pretende alugarlle terreos para continuar a súa expansión polo noso país. As estratexias de negociación da empresa non están a ser transparentes, e a veciñanza que vive e desenvolve actividade agraria na zona está preocupada ante a posíbel irrupción desta multinacional no seu territorio, xa que perderían base territorial das súas granxas.

O modelo agroexplotador implica xornadas laborais que se prolongan até 10 ou 12 horas, salarios que non cumpren a legalidade, desprazamento de poboación doutros países para traballar baixo estas condicións, amoreamento de traballadoras e traballadores en pésimas situacións de habitabilidade e, a nivel ecosistémico, cuestións tan graves como o alto risco de contaminación das augas por mor das substancias químicas empregadas nestas producións industriais, a coptación do cauce de mananciais públicos ou a destrucción derivada da construcción de grandes vías de acceso para os camións que distribúen a mercadoría.



Participantes do seminario internacional "Agroecoloxía ou Barbarie. Como nos maltrata a agroindustria" xuntáronse coa veciñanza afectada polo acaparamento de terras da empresa Surexport en Lugo.

SECTOR LÁCTEO ▸ O Boletín Oficial do Estado recolle o Real Decreto 374/2022, de 17 de maio, que modifica as condicións de contratación no sector

Sen índices oficiais de custos e prezos, o RD374/2022 non servirá para pór fin á venda a perdas

Nin a Consellaría do Medio Rural nin o Ministerio de Agricultura proporcionan a información necesaria para calcular o prezo

Outra oportunidade perdida. A publicación o pasado 18 de maio no BOE do Real Decreto 374/2022, de 17 de maio, polo que se modifican, entre outros decretos, o 95/2019 do 1 de marzo, que estableceu as condicións de contratación no sector leiteiro e regulou o recoñecemento das organizacións de persoas produtoras e das organizacións interprofesionais do sector, non pode menos que ser cualificada de decepcionante.

A presunta vontade das administracións de dar pasos cara a unha regulación elemental no sector leiteiro, como é garantir a venda do produto a un prezo que cubra custos de produción e remunere o traballo, esfarela de novo ao carecer de medidas que realmente liguen este obxectivo coas ferramentas que existen na realidade. Para que exista un cambio real no sector leiteiro precísase de leis que establezan de xeito específico mecanismos para contar con índices oficiais, proporcionando un sistema de cómputo real dos custos da produción.



Granxa de produción láctea na comarca de Ordes (Imaxe de arquivo do SLG-CCLL).

Como vimos reiterando dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, é imprescindíbel que estes índices sexan elaborados en función das rexións e, no caso da Galiza, sexan realizados pola Xunta de Galicia. Logo de tantos anos de denunciar como principais motivos da desaparición das granxas de leite as prácticas abusivas de empresas e grande distribución, canda a alza dos custos de produción, as administracións seguen sen fornecer o básico: ferramentas de control, referencias oficiais concretas sobre os prezos e a marxe que necesitan as granxas para manter a actividade, así como mecanismos áxiles para facelo cumprir. De nada serven cambios como as modificacións nos contratos de longa duración, igualmente o prezo de compra á gandeira ou gandeiro seguirá sendo o que a industria queira.

Tampouco medidas novas como constituír OLPs con menos membros vai conseguir que as industrias se vexan obrigadas a negociar con elas, de feito as propias administracións recoñecen que as que hai feitas dende o 2012 non resultaron eficaces -pero tampouco poñen enriba ferramentas para que as máis pequenas poidan realmente negociar mellor-.

As gandeiras e os gandeiros da Galiza, que producimos a meirande parte do leite a nivel estatal, somos novamente as principais afectadas pola neglixencia de responsabilidades da Consellaría do Medio Rural na Galiza e do Ministerio de Agricultura a nivel estatal, que seguen eludindo abordar este problema con medidas reais e de fondo.

Visita do SLG ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL)





O 22 de xullo representantes do Sindicato Labrego Galego visitaron as instalacións do LIGAL (Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite) en Abegondo, co fin de coñecer de primeira man os seus procesos de análise, as principais incidencias do sector, a cuestión do punto crioscópico, a análise do leite de pastoreo, a eliminación de riscos de aflatoxinas, así como os proxectos nos que participa e todas aquelas cuestións importantes respecto á súa vinculación coas granxas galegas.

INVASIÓN EÓLICA ▸ Nos días previos á segunda manifestación nacional contra os macroeólicos, a conselleira bloqueou este órgano medioambiental

A Conselleira impide novamente o pronunciamento do COGAMADS sobre a invasión eólica

Reiteramos a solicitude de inclusión das demandas realizadas na anterior xuntanza e eliminación dos artigos 6 e 7 do RD 6/2022


No centro, a conselleira Ángeles Vázquez, nunha imaxe de arquivo da Xunta.

Logo das irregularidades e da abrupta finalización da anterior sesión, celebrada o 26 de xaneiro -denunciada diante da Valedora do Pobo por parte do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas-, na tarde do pasado 31 de maio a Conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, cun farragoso argumento baseado en culpar ao PSOE da desproporcionada vaga de solicitudes de polígonos eólicos, negouse novamente a permitir un pronunciamento público por parte do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS).

Fronte á negativa de Vázquez, apelando ao regulamento de funcionamento do propio Consello, Diego Sánchez Agra, vogal do Sindicato Labrego Galego, reiterou a solicitude de inclusión na orde do día da vindeira xuntanza das demandas efectuadas no anterior pleno e ás que non se lle deu ningún tipo de resposta, nomeadamente:

1. A elaboración dun pronunciamento en forma de acordo sobre a necesidade de paralización dos informes e concesións de parques eólicos mentres non se revise o Plan sectorial eólico de Galiza e se someta a avaliación ambiental estratéxica. Instando, tamén, a que se establezan criterios de avaliación que eviten o fraccionamento dos proxectos e, por tanto, a emisión de informes parciais sobre os seus impactos.

2. A promoción dun cambio na lexislación para que se protexa mellor á cidadanía, ao medio ambiente, ao patrimonio. Este texto debería facer mención explícita á necesidade de derogar as leis 5/2017 e 9/2021, polo que afectan á protección do territorio e aos valores medioambientais.

3. Encargar a elaboración dun informe sobre o encaixe do actual modelo enerxético na sustentabilidade e resiliencia do territorio galego.

Ademais, o vogal do SLG fixo uso da quenda de rogos e preguntas para solicitar por parte do COGAMADS un pronunciamento de apoio á supresión dos artigos 6 e 7 do Real Decreto-Lei 6/2022, tendo en conta que establecen modificacións na tramitación de proxectos eólicos e fotovoltaicos que limitan ou suprimen os trámites de avaliación ambiental e participación pública.

Diego Sánchez Agra interpelou directamente á Conselleira: "Para que serve o Consello Galego de Medio Ambiente? Para que serve un órgano colexiado, se só veñen aquí a informar, se as achegas que se fan aos documentos e proxectos que nos expoñen non son recollidas para melloralos, se nunca se vota nada, se non se dá curso ás solicitudes das e dos vogais?

No COGAMADS estase impedindo a participación pública da cidadanía e das organizacións sociais. Dende o SLG no imos consentir órganos consultivos de paripé. Tamén, ante as queixas de Ángeles Vázquez polas críticas públicas ás irregularidades acaecidas na anterior convocatoria do COGAMADS manifestadas polo SLG e outras organizacións sociais; Agra puntualizou á Conselleira de Medio Ambiente que ela non só está a permitir este tipo de sucesos no Consello Galego de Medio Ambiente, senón que foi protagonista mesmo da irregularidade ao abandonar precipitadamente a xuntanza eludindo tratar temas acordados na mesma.

Irregularidades na acta

A convocatoria, adiada en varias ocasións, viña precedida xa da denuncia pública por parte de varias organizacións ecoloxistas integrantes do COGAMADS da falta de exactitude da acta da xuntanza anterior, negándose a participar nesta.

O vogal do SLG, manifestou o noso apoio a esta denuncia, e interviu para explicar que, "mentres non se corrixa a acta, adecuándoa á realidade, nós non podemos aprobala. Se non se fai a modificación, teremos que solicitar copia da gravación. Quen di nós, di a Valedora do Pobo, que supoño xa se tería posto en contacto con vostedes, ou a quen corresponda derivado das reclamacións xudiciais que se poidan dar". Finalmente a acta foi aprobada, cas votacións en contra do SLG e a CIG, e as abstencións de UUAA e a Universidade da Coruña, previa intervención para manifestar que consideraban que non se axustaba á realidade do acontecido na anterior xuntanza.



MORATORIA EÓLICA ▸ Campaña estatal da Alianza Enerxía e Territorio dirixida ao MITECO con destacada participación dos colectivos galegos

Case medio milleiro de colectivos solicitan formalmente unha moratoria eólica nas Reservas da Biosfera



Dos 2.227 aeroxeradores instalados en Reservas da Biosfera no Estado, 1.212 están na Galiza. Na imaxe, a Serra do Xistral vista dende o Viveiró (Muras).

Dos 1.236 macroeólicos en tramitación na actualidade no Estado, máis da metade, están proxectados na nosa terra

A Alianza Enerxía e Territorio (ALIENTE) plataforma a nivel estatal da que o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) forma parte, vén de rexistrar oficialmente unha carta carta dirixida ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) solicitando unha moratoria científica para todas as Reservas da Biosfera do Estado español.

A campaña de adhesións a esta solicitude, desenvolvida ao longo destes últimos meses, acadou máis de 440 apoios en 35 Reservas da Biosfera estatais, incluídas todas as galegas. Xestores de Reservas da Biosfera, concellos, colectivos cidadáns, proxectos produtivos, organizacións agrarias, ecoloxistas e outros movementos asociativos de todo o Estado urxen ao MITECO a decretar unha moratoria que protexa as Reservas da Biosfera. A presión que a poboación galega está a sufrir por parte do monopolio industrial eólico acadou un grado de violencia estrutural absolutamente inasumible: dos 2.227 aeroxeradores instalados en Reservas da Biosfera no Estado, 1.212 están na Galiza. Dos 1.236 macroeólicos en tramitación, máis da metade, 608, tamén están proxectados na Galiza.

Dito doutro xeito, das novas 3.708,12has. que se están a acaparar para uso e abuso da mafia eólica, 1.376,72has. están na nosa terra.

Invasión eólica

Por se fora pouco, escudándose no conflito bélico na Ucraína, o Goberno de España incluíu no RDL 6/2022 a simplificación extrema das avaliacións de impacto ambiental, procurando eliminar a posibilidade de que a cidadanía presente alegacións a estes ataques contra o territorio, até o de agora o único xeito de defendérmonos da invasión eólica. Este despropósito vai ser aínda máis grave co RDL11/2022, que de ser convalidado implicará facer valer a zonificación ambiental sen estudo de impacto ambiental estratéxico ningún, incluído como unha simple recomendación no plan 2021-2026 da Rede Eléctrica Española, pretendendo a convertelo en Lei sen estudos ambientais transparentes.

Unha loita para impedir que Galiza sexa “área de sacrificio”

Na Galiza producimos moita máis enerxía da que precisamos. Mentres tanto, áreas de hiperconsumo, como Madrid, non permiten a instalación de aeroxeradores. A enerxía trasládase dende Galiza, perdéndose unha importante parte da mesma polo camiño, evidenciando aínda máis o absurdo deste modelo de colonización enerxética. A nosa terra é o que se coñece como “área de sacrificio”.

A destrución do territorio, recursos naturais, contaminación de augas, perda de terras agrarias e expulsión da veciñanza ten como único obxectivo o enriquecemento superlativo do monopolio enerxético. En plena crise ecolóxica, a destrución institucional planificada das áreas consideradas de especial protección, como é o caso das Reservas da Biosfera, é unha aberración insultante. Precisamos protexer estes territorios, e mesmo estender esta protección a máis áreas, para facer fronte ao quecemento global provocado polo consumo exacerbo de recursos que se levou por diante o modelo de desenvolvemento capitalista.

Se os partidos políticos estiveran ao servizo dos dereitos e necesidades das poboacións, non sería preciso solicitar a protección dunhas áreas xa catalogadas como reservas da natureza. Mais tanto o Goberno estatal cos RDL6/2022 e RDL11/2022, como a Xunta cas Leis de Depredación (2017 e 2021), confirman o servilismo dos grandes partidos ao monopolio enerxético, tradicional nicho económico laboral para altos cargos de ámbalas dúas formacións, como o caso da exconselleira de Medio Ambiente da Xunta, Beatriz Mato, que cambiou o seu cargo oficial por outro ao máis alto nivel na empresa Greenalia, unha das que máis proxectos ten en tramitación na Galiza.

Estudo da UNESCO

Na carta remitida ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico os colectivos asinantes recalcan que está en marcha o “Estudo sobre a viabilidade das instalacións eólicas, fotovoltaicas e termosolares, incluída a repotenciación, e infraestructuras asociadas en territorios declarados Reservas de la Biosfera en España”, encargado polo Comité Español do Programa MaB da UNESCO, que forma parte do soporte que dá o Organismo autónomo de Parques Nacionales (OAPN) dependente do propio MITECO.

É incongruente e preocupante que o Ministerio estea a avanzar na tramitación de máis polígonos industriais eólicos nestes territorios protexidos sen agardar polo resultado desta investigación.

EO ALIMENTA ▸ A vindeira convocatoria terá lugar o 23 e 24 de setembro, en Ribadeo, coa celebración do FestivalEO da Alimentación Sustentábel

Estratexia Alimentaria Participativa Eo Alimenta

Deseñando as medidas precisas e necesarias para alcanzarmos un sistema alimentario sustentábel e saudábel



Mónica Amado e Iván Rodríguez, membros dos Sindicato Labrego Galego, na I Feira de Economía Social de Ribadeo.

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas vén participando dende o ano 2021 na Estratexia Alimentaria Participativa Eo Alimenta, un proceso de traballo levado a cabo entre múltiples axentes e persoas vinculadas ao sector agroalimentario na biorexión do río Eo, territorio que abrangue municipios da Galiza e Asturias.

Trátase da primeira experiencia das súas características elaborada participativamente entre axentes e poboación de dúas comunidades autónomas. O obxectivo deste proceso é deseñar unha serie de medidas que contribúan a alcanzar un sistema alimentario sustentábel para o territorio, saudábel para as persoas e digno para os proxectos produtivos locais que fan posíbel que nos alimentemos. Eo Alimenta comezou a súa andaina a mediados do ano 2021, traballo que levou a aprobar no presente 2022 a Estratexia Alimentaria Eo Alimenta.

Entre as principais accións que establece esta estratexia, atópanse medidas dirixidas ao fomento da produción agroecolóxica mediante a incorporación de novas persoas produtoras e mediante a articulación dos proxectos agroecolóxicos produtivos xa existentes no territorio; medidas que poñan en valor os produtos locais e impulsen o consumo de alimentos de proximidade por parte de administracións públicas e cidadanía; medidas que aumenten a conciencia da poboación en torno ás aportacións que a alimentación agroecolóxica a base de produtos locais ten na nosa saúde e no noso territorio e medidas que garantan a voz e a participación de todos os axentes da sociedade implicados no sistema alimentario local.

A fin de continuar visibilizando e espallando este proceso participativo, as organizacións integrantes deste proxecto participamos, a mediados de xuño en Ribadeo, na I Feira de Economía Social, na que se deron a coñecer organizacións e iniciativas que están xa construíndo modelos económicos socialmente xustos e medioambientalmente sustentábeis.


A vindeira convocatoria terá lugar o 23 e 24 de setembro, tamén en Ribadeo, coa celebración do Festival EO da Alimentación Sustentable, dous días de concertos, obradoiros, palestras, actividades infantís, degustacións, feira... para seguirmos avanzando na construción do camiño que nos leve á garantir a nosa soberanía alimentaria.



DÍA DA GALIZA ▸ O Sindicato Labrego Galego participou nas mobilizacións convocadas en Santiago de Compostela o pasado 25 de xullo, Día da Galiza

25 Xullo, Día da Patria Galega: Soberanía para facer fronte á violencia do capitalismo neoliberal

Só a soberanía dos pobos pode situar a Vida no centro. Por unha Administración pública ao servizo da cidadanía e non do capital





Imaxes do Día da Patria Galega o pasado luns 25 de xullo, na praza da Quintana, en Santiago de Compostela.

Un ano máis o Sindicato Labrego mobilizouse canda milleiros de galegas e galegos este 25 de xullo en Santiago de Compostela con motivo do Día da Patria. O avance do capitalismo neoliberal evidencia día a día a urxencia de protexer, e recuperar, unha soberanía que está no punto de mira das elites económicas a nivel mundial: a soberanía dos pobos. A alarmante connivencia das administracións públicas co modelo de desenvolvemento capitalista está a ter impacto directamente sobre a vida das persoas e do planeta no seu conxunto.

Na Galiza, o aliñamento da Consellaría do Medio Rural co lobbie agroindustrial e as portas xiratorias entre a Consellaría de Medio Ambiente e as corporacións explotadoras de enerxía eólica son exemplos manifestos. Tamén a eliminación do dereito á participación pública fronte a proxectos de negocio lesivos para o medio ambiente, como vén de facer o Goberno de España a través dos RDL 6/2022 e 11/2022.

Chegamos ao Día da Patria Galega cas produtoras e produtores de alimentos do noso país loitando cada día contra un intencionado abandono da Administración que procura deixar o campo deserto para o avance da agroindustria. As labregas e os labregos vimos décadas alertando dos riscos de depender de insumos e alimentos producidos a milleiros de quilómetros, e demandando medidas que nos permitan acadar algo tan básico para a dignidade humana como é o dereito á nosa soberanía alimentaria, o dereito a liberármonos da intolerábel mercantilización dos bens necesarios para sobrevivir.

Chegamos ao Día da Patria Galega cun país no que os servizos de extinción de incendios son planificados en función dos intereses económicos de fondos de inversión estranxeiros. Cun país no que a poboación ten que defender as súas vivendas e as súas terras da expropiación forzosa ca que a Xunta de Galicia quere participar no negocio do oligopolio enerxético internacional. Cun país, Galiza, que é obxecto do acaparamento de aldeas e espolio da natureza por capital foráneo.

Para pór fin ao ataque directo contra os nosos alimentos, a nosa auga, os nosos montes, a nosa cultura, a nosa lingua... Precisamos imprescindíbelmente dun goberno galego que realmente asuma o deber de defender os dereitos da cidadanía, a soberanía dos pobos. Precisamos a nosa soberanía para situar os dereitos da Vida por riba dos intereses do capital.

Chegamos ao Día da Patria Galega, neste 25 de xullo, cun pobo, Nós, que estamos en pé de loita para defender o futuro da nosa terra.

Lumes nunca máis!

Ante a vaga de lumes que estamos a sufrir por todo o país, e que leva queimadas máis de 10000 ha de altísimo valor ecolóxico e social, pobos, vivendas, granxas. Distintos colectivos sociais, entre eles o Sindicato Labrego Galego, convocaron concentracións en distintas cidades da Galiza o pasado xoves 21 de xullo, co fin de reivindicar unha nova política forestal, recursos, medios e condicións dignas de traballo nos servizos de extinción.



O noso compañeiro Diego Sánchez Agra na concentración o día 21 de xullo, diante da Xunta de Galicia en Compostela, canda representantes doutras organizacións.

O futuro está no aire

por Xoel Rodríguez Poy
Apicultor

O mundo apícola está en auxe: Europa é o segundo produtor de mel do mundo, segundo datos da Comisión Europea, tan só por detrás do xigante chino. A Unión conta con máis de 20 millóns de colmeas, mais a pesar diso non é autosuficiente e necesita de importacións para satisfacer o consumo da súa cidadanía. Neste sentido, os países de orixe do mel que importamos son dous: Ucraína e China; falamos de que o 59% do mel que importa Europa provén destes territorios.

Galiza: calidade e oportunidade

O Estado español segue sendo unha das grandes colmeas de Europa, con dous modelos principais: o da zona norte (que se caracteriza por pequenas granxas non transhumantes) e o da zona sur (máis profesional e transhumantes). En Galiza, o mel non foi sempre o produto estrela do sector. Dende mediados do XVIII e até comezos do XX, a rama da cera era unha das actividades máis relevantes nalgunhas rexións rurais do interior.

Agora, en pleno século XXI, parece evidente a necesidade de diferenciar e valorar os produtos nun mercado globalizado. José Balseiros, director xeral de Gandaría e Agricultura da Xunta, afirmou nunha entrevista realizada o 18 de maio de 2022, que "Galicia non ten que competir en cantidade; Galicia ten que competir en calidade". Coincide nesta concepción o director da Asociación Galega de Apicultura (AGA), Xosé Torres, quen engade: "Ao que nos teñen que axudar as administracións é a manter o valor e o prezo no mercado foráneo". Polo tanto, falamos dun sector que destaca polas súas propiedades e valores, que se caracteriza tamén polo pequeno tamaño dos proxectos produtivos, a consideración de actividade complementaria e o impulso do relevo xeracional. De feito, o director de Agricultura recoñece que aínda hai atrancos, xa que "seguimos sendo das últimas comunidades dentro de España" en canto á profesionalización do sector. Non obstante, temos gran cantidade de colmeas: preto de 200.000 repartidas de xeito irregular entre case 5.000 granxas.

Falamos, en consecuencia, de pequenos proxectos concibidos para obter un rendemento económico extra e cunha media de idade arredor dos 41 anos. Tendo en conta este dato, vemos que non se trata dun sector envellecido, máis ben ao contrario: cada vez máis mozos deciden emprender a través da apicultura. É o caso de Diego Méndez, un rapaz de 20 anos dos Ancares que fai uns meses emprendeu un proxecto baixo o nome de *Mel da Colmea.* "É un xeito de buscar unha nova forma de vivir; gustaríanos poder vivir disto e mantelo como algo que nos amarra a onde nacemos", defende.

> **"Os países de orixe do mel que importamos son dous: Ucraína e China; falamos de que o 59% do mel que importa Europa provén destes territorios"**

Cada vez máis mozos e mozas buscan achegarse e cada vez hai máis vías de emprendemento no rural. Neste sentido, o ecoturismo (é dicir, a creación de experiencias turísticas que permiten un desenvolvemento social, económico e medioambiental no rural) é xa unha realidade. "Trátase de que haxa oportunidades que sexan aproveitadas pola comunidade, ao mesmo tempo que promoven o coidado do medio", apunta Fe Álvarez, xerente do GDR de Montes e Vales Orientais.

Precisamente, a AGA promove o que se coñece como apiturismo para promover o patrimonio tradicional, natural e gastronómico da apicultura galega. Son os propios abelleiros e abelleiras os protagonistas deste proxecto, que consiste na realización dunha serie de rutas por diferentes áreas da xeografía galega. En palabras de Xosé Torres: "Que mellor maneira de vender o produto que cando estás probando o mel da man da persoa apicultora? E o valor engadido queda todo no seu peto".

A produción en ecolóxico é outra das apostas. O que se busca é a garantía dun produto san, de proximidade, que contribúa a diminuír a pegada de carbono e que defenda a sustentabilidade medioambiental. Falamos dunha denominación vantaxosa non só para o a persoas consumidora, senón tamén para as propias persoas apicultoras, que conseguen un produto de máxima calidade, segundo o CRAEGA, organismo regulador das producións en ecolóxico na Galiza. Ao fin e ao cabo, as innovacións e oportunidades baséanse nunha máxima, que é "ir máis alá do tradicional". E se ben é certo que hai que avanzar en moitos aspectos, cómpre ter claro tamén que existen aínda serios problemas.



O ancarés Diego Méndez, de tan só 20 anos, nun dos novos apiarios do seu proxecto *Mel da Colmea*.

Ameazas en todas as frontes

Para Brais Álvarez, apicultor e representante do SLG, "o mel galego ten a fama e o recoñecemento, pero compite en mercados sobresaturados polo *dumping*". Este desequilibrio asúmese con preocupante naturalidade na páxina do Parlamento Europeo: "Prodúcese cando empresas estranxeiras introducen produtos a prezos artificialmente baixos no mercado europeo". En consecuencia, o produto galego compite no mercado con importacións masivas de países que producen grandes cantidades sen coidar a calidade. Polo tanto, "o problema que temos é que estamos perdendo o noso dereito á soberanía alimentaria e, por outro lado, temos a terceiros países que buscan inundar o noso mercado con excedente que venden por un prezo máis baixo".

"Dende o Sindicato Labrego reclamamos máis protección en todos os sentidos para poder loitar contra países que nos poden fundir no mercado", explica Brais Álvarez. Para Torres (AGA), "Europa, en lugar de acudir a un mel de calidade como o galego, está acudindo a terceiros países onde os *lobbies* mercantilistas dominan sobre o sector apícola".

"Agora mesmo, as leis europeas permiten un etiquetado confuso de cara á persoa consumidora. Non abonda con que poña *Produto envasado na UE* porque pode ser envasado aquí pero vir da China"

Mesmo dende a Xunta recoñecen que "hai fundadas sospeitas de certas prácticas de fraude e mestura e adulteración", en relación ás importacións que chegan de fóra da Unión. Pero entón, por que non se mudan as políticas de etiquetado, por exemplo? Ante esta pregunta, Balseiros recoñece que "a UE ten convenios que están competindo dunha forma agresiva cos nosos sectores produtivos". Dito doutro xeito, as produtoras e produtores autóctonos deben cumprir estritos regulamentos e controis que outros foráneos non se vén obrigados a realizar, o que xera unha desigualdade. O endurecemento das condicións das importacións destes produtos é unha reivindicación histórica do SLG: "Agora mesmo, as leis europeas permiten un etiquetado confuso de cara á persoa consumidora. Non abonda con que poña *Produto envasado na UE*, porque pode ser envasado aquí pero vir da China", apunta Brais Álvarez.





Arriba, un exemplo dunha granxa apícola semi-profesional. Abaixo, nn grupo de abelleiros asiste a un curso de formación práctico impartido polo SLG en Castroverde.

Prexuízos do monocultivo de eucalipto

A cuestión da política forestal da Xunta é outra ferida aberta: "Os nosos montes estanse convertendo nun deserto verde. Con este monocultivo de eucalipto estamos limitando a posibilidade de desenvolvemento das colonias de abellas", sinala Álvarez. Neste sentido, hai dúas claras posicións contrapostas: a das institucións, que aseguran defender un proxecto que permite "vivir do rural no rural", e a das asociacións e sindicatos, que alertan de que este discurso é absolutamente contradictorio cas prácticas que realmente están a facer as instiucións, encamiñadas a "vender o rural a empresas de fóra". E todo isto sen ter en conta as ameazas propias das colmeas: o parasito varroa ou a vespa velutina seguen sendo problemas moi vixentes. Os propios abelleiros e abelleiras demandan solucións, mais tamén esixen máis formación e máis asociacionismo entre persoas produtoras para transmitir eses coñecementos. Malia todo, entre apicultores e apicultoras, asociacións e institucións hai optimismo de cara ao futuro, tamén porque cada vez máis xente nova decide apostar polo rural.

En definitiva, un futuro incerto que camiña cara a horizontes innovadores e prometedores, pero que deberá facer fronte a múltiples ameazas para manter a apicultura como un sector de calidade no rural. Iso si, se algo está claro é que o futuro do sector e do rural galego está –como as abellas– no aire.

AGROINDUSTRIA ▸ O SLG coordinou a elaboración dunha campaña europea contra a explotación agroindustrial realizada do 21 ao 24 de xuño en Santiago de Compostela

“Agroecoloxía ou barbarie Como nos maltrata a agroindustria”

O 22 de xuño tivo lugar unha xornada aberta ao público no Centro de Interpretación de Parques e Xardíns, en Compostela



Integrantes do Grupo de Traballo de Migración e Traballo Rural da CEVC en rolda de prensa o pasado 21 de xuño na presentación da xornada internacional “Agroecoloxía ou Barbarie. Como nos maltrata a Agroindustria”. No centro, Conchi Mogo, do SLG.

O SLG acolleu dende o martes 21 ao venres 24 de xuño a unha delegación internacional da Coordenadora Europea do movemento labrego mundial La Vía Campesina (CEVC), da que formamos parte. Integrada por representantes do Grupo de Traballo de Migración e Traballo Rural da CEVC, así como de organizacións a nivel estatal, esta delegación de persoas participou na xornada aberta “Agroecoloxía ou barbarie. Como nos maltrata a agroindustria”, que tivo en Santiago de Compostela o mércores 22 de xuño, no Centro de Interpretación de Parques e Xardíns de Belvís.

Rolda de prensa e acción reivindicativa en Surexport

Conchi Mogo (SLG-CCLL); Federico Pacheco (ECVC); Laurent Vonwiller (UNITERRE), Catherine McAndrew (Land Workers Alliance, LWA) e Nina Gordillo (Sindicato de Obreros de Campo-Sindicato Andaluz de Trabajadores, SOC-SAT), integrantes do Grupo de Traballo de Migración e Traballo Rural da Coordenadora Europea de La Vía Campesina (CEVC), presentaron na mañá do 21 de xuño en rolda de prensa a xornada internacional “Agroecoloxía ou Barbarie. Como nos maltrata a Agroindustria” .

“Dende a súa constitución na década dos 90, o movemento labrego internacional La Vía Campesina vimos denunciando as graves consecuencias que ten o avance agricultura industrial: acaparamento de terras, contaminación de terras e augas provocadas, na grande maioría, polo consumo intensivo de pesticidas, aceleramento do despoboamento rural, aumento de alerxias, cáncer e outras enfermidades vinculadas á comida industrial ”, contextualizou a representante do SLG.

Fronte a este escenario perigoso para a saúde das persoas e do medio ambiente, é fundamental que a cidadanía tome parte, a través das súas eleccións como persoas consumidoras, no apoio á agricultura labrega, que é o único xeito de producir alimentos sans coidando das persoas que os producen, das que os consumen, da terra, das augas e do territorio. “Para fortalecermos esta alianza, dende o GT de Migración e Traballo Rural da CEVC consideramos que é fundamental sacar á luz que tipos de circunstancias abusivas son as que se agochan tralos prezos dos produtos agroindustriais”, abondou Conchi Mogo-.

Ademais das representantes do GT da CEVC, participaron na xornada aberta entidades aliadas en Europa (CNA, Portugal; tamén Solidariedade Imigrante-SOLIM; Extinction Rebeletion...), no Estado español (Amigos de la Tierra, WWF, Justicia Alimentaria, Revista Soberanía Alimentaria, Fundación Mundubat, Ecologistas en Acción....) e na Galiza (FRUGA; CCOO; CIG; CUT, Marcha Mundial das Mulleres, Salva la Selva, Enxeñería Sen Fronteiras, Labregos DAIQUÍ, Foro Galego de Migración...).



Denuncia nas instalacións de Surexport

O ano pasado o Sindicato Labrego Galego, canda organizacións sociais galegas aliadas, iniciamos unha campaña de denuncia dos abusos laborais e e impacto medioambiental da agroindustria andaluza de proxección internacional Surexport, xa introducida na Terra Chá. Nesta liña, no marco do seminario “Agroecoloxía ou barbarie. Como nos maltrata a agroindustria” realizouse unha concentración nos terreos de froitos vermellos que esta empresa ten no Arneiro (Cospeito).

Destrución agroindustrial: acapara terras, contamina augas, escraviza persoas, aniquila o medio rural vivo





Na primeira mesa, Boulberj Lahoucine (FNSA- Marrocos), Alberto Matos (SOLIM -Alentejo-Portugal); Nina Gordillo (SOC-SAT-Andalucía) e Mari Fidalgo (Foro galego de Inmigración - Galiza), integrantes da palestra "A Agroindustria maltrata ás persoas: a explotación laboral e social". Á esquerda, o coloquio sobre "O impacto da agroindustria no medio ambiente", protagonizado por Felipe Fuentelsaz (WWF); Boulberj Lahoucine (FNSA- Marrocos) e Javier Guzmán (Justicia Alimentaria).



Laurent Vonwiller (Uniterre-Suíza), Isabel Vilalba (Secretaría Xeral do SLG) e Federico Pacheco (Comité de Coordinación de La Vía Campesina) presentando a xornada baixo a palestra titulada "Non queremos agroindustria. Queremos agricultura labrega".

O Sindicato Labrego Galego desenvolveu o día 22 de xuño, no Centro de Interpretación de Belvís, a xornada internacional aberta ao público "Agroecoloxía ou Barbarie. Como nos maltrata a Agroindustria". A análise dos impactos agroindustriais estruturouse nos eixos "Non queremos agroindustria. Queremos agricultura labrega", "A agroindustria maltrata ás persoas: a explotación laboral e social", "A agroindustria é machista e patriarcal" e "O impacto da agroindustria no medio ambiente".

A Secretaria Xeral do SLG-CCLL, Isabel Vilalba, encetou a xornada introducindo a campaña "Surexplotación fóra da Galiza", activada dende o ano pasado contra os abusos laborais e medioambientais da empresa onubense de exportación internacional de froitos vermellos Surexport, instalada na Terra Chá.

Vilalba alertou sobre o espolio de recursos do modelo intensivo destas agroindustrias, contrapoñendo o valor do modelo territorial galego, reivindicando o minifundio como un sistema de articulación de terras máis equilibrado, e orientado cara a alimentación da nosa poboación. Porén, suliñou, "na Galiza a tendencia é a desaparición de terras agrarias; a día de hoxe temos tan só un 21% de superficie agraria útil, é moi escasa, precisamos incrementala para poder producir alimentación de calidade para o noso pobo.

No noso país, malia térense habilitado ferramentas como o Banco de Terras, as administracións non se comprometeron co seu desenvolvemento, apoiando pola contra a mobilización de grandes extensións de terra, poñendo os recursos do noso país ao servizo destas grandes empresas, non de quen habita e dá vida ao territorio e fai unha produción biodiversa". "O modelo global está orientado ao mercado internacional -abondou a Secretaria Xeral do SLG-CCLL-, non ás necesidades alimentarias da poboación".

Vivimos nun planeta no que 193 millóns de persoas están en situación de fame. Grandes porcentaxes de poboación están limitadas na posibilidade de acceder a alimentos, dado que as terras empréganse para monocultivos intensivos orientados á exportación, en lugar de estar orientadas a fornecer unha alimentación nutricionalmente diversa e saudábel. Ademais, a agroindustria vai en moitos casos da man da expulsión das persoas que viven nos lugares onde se queren instalar, en ocasións mesmo atacando á poboación directamente.

É unha ameaza á que dende La Vía Campesina vimos facéndolle seguimento dende a nosa constitución, a través da nosa estrutura internacional. Poderíamos tomar o exemplo do Brasil, onde 1.833 persoas labregas e dirixentes sociais foron asasinadas só entre o ano 1985 e 2007. A destrución do modelo labrego de produción de alimentos mediante a imposición da industrialización agraria é ademais unha sentenza de morte para a biodiversidade e poboación das contornas onde se instalan.

"As persoas que viven perto dunha explotación agroindustrial padecen as fumigacións e outras prácticas nocivas para a saúde das persoas e do planeta. As labregas e labregos viven onde producen, o coidado da terra é inherente ao seu propio rol como produtoras. Os donos das agroindustrias non viven nin dentro nin ao lado das súas fábricas contaminantes", sentenciou Isabel Vilalba.

Laurent Vonwiller, da organización suíza UNITERRE, explicou que o desenvolvemento da agricultura industrial está vinculado á expansión do neoliberalismo a nivel económico e político. Vonwiller situou as raíces do modelo agroindustrial na propia agricultura colonial, salientando como cuestión central o feito de seren sistemas produtivos que distorsionan a orientación natural das producións alimentares. A consideración da alimentación como produto en lugar de como un dereito, son comúns á explotación agrícola colonial e ás prácticas agroindustriais

Nina Gordillo, traballadora en campos de recolección de froitos vermellos e representante do Sindicato de Obreros de Campo-Sindicato Andaluz de Trabajadores (SOC-SAT) afirmou "é un perigo para a vosa terra a agricultura que están tentando implantar aquí. Aquí aínda se pode actuar, aínda podedes paralizar a expansión destas industrias que vulneran os dereitos humanos e destrúen o medio ambiente". Ademais, explicou, "non só non respectan os dereitos laborais, senón que as súas aberracións en zonas como Huelva chegan ao punto de acoso sexual e violacións ás mulleres traballadoras".

Na xornada tratáronse os perigos e ameazas que supón a instalación da agroindustria nos territorios, impactos negativos que se producen dende o primeiro momento: acaparamento de terras, escravitude laboral, racismo, expulsión do campesiñado, violencia machista, contaminación de terras e augas, despoboamento rural e, en definitiva, a aniquilación dun medio rural vivo no que as labregas e labregos podamos producir alimentos que coiden da saúde das persoas e do planeta. Fronte a este escenario perigoso para a saúde das persoas e do medio ambiente, cómpre que a cidadanía tome parte, a través das súas eleccións como persoas consumidoras, no apoio á agricultura labrega.



Isabel Vilalba, Secretaría Xeral do SLG, intervindo nun momento do encontro. Abaixo, unha mostra da xornada de traballo interno, o día 23 de xuño no Centro de Interpretación, co fin de elaborar estratexias común de loita contra a agroindustria.





Imaxe grupal dos representantes do Grupo de Traballo de Migración e Traballo Rural da Coordenadora Europea Vía Campesina, así como das diferentes organizacións a nivel galego e estatal que participaron no seminario.

Xornada de traballo interno no Centro de Interpretación

Co obxectivo de analizar o modelo agroindustrial desde a perspectiva da produción labrega, dos dereitos laborais, dos dereitos das mulleres, do medio ambiente e da Soberanía Alimentaria dos pobos desde o Grupo de Traballo de Migración e Traballo Rural da Coordenadora Europea da Vía Campesina organizaron unha reunión de traballo interno o día 23 de xuño no Centro de Interpretación de Parques e Xardíns de Belvís. Este encontro tivo como fin elaborar unha estratexia común de loita contra a groindustria así como de defensa do modelo de produción labrega e agroecolóxica, obtendo diversas propostas de actuación co fin rachar coa explotación agroindustrial.

ACAMPA ▸ A Secretaria Xeral do SLG-CCLL, Isabel Vilalba, e a lideresa do MST Janaina Strozake sinalaron o capitalismo como principal motivo da fame no mundo

Rede ACAMPA pola Paz e o Dereito ao Refuxio





O SLG participou na edición Fame e Refuxio de Acampa Pola Paz e o Dereito a Refuxio, na Coruña. Á dereita Isabel Vilalba durante a súa intervención.

No mes de xuño, a cidade da Coruña acolleu por sexto ano as actividades de visibilización baixo o lema "Fame e Refuxio"

Exposicións fotográficas, palestras, espazos de debate, feira de organizacións, emisión de programas de radio en directo ou visitas guiadas nas que se achega a realidade das persoas refuxiadas foron algunhas das actividades da convocatoria da Rede ACAMPA deste ano, celebrada baixo o lema "Fame e Refuxio".

A Secretaria Xeral do SLG-CCLL, Isabel Vilalba, desenvolveu canda Janaina Strozake, lideresa do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra (MST) brasileiro, a palestra "Migracións, suficiencia e cultura alimentarias. Declaración de Dereitos Labregos da ONU". Ámbalas dúas representantes fixeron fincapé na importante necesidade de reivindicar a alimentación como un dereito, liberándoa da condición de mercadoría á que o capitalismo a ten relegada.

A fame e a desnutrición que a día de hoxe están a impedir unha vida digna a millóns de persoas en todo o planeta, está directamente relacionada ca explotación e especulación infrinxida polo capitalismo. Os pobos precisamos garantir a nosa soberanía alimentaria para sermos libres das ditaduras do mercado, que só procuran os máximos beneficios para as grandes empresas que dominan a distribución de alimentos a nivel mundial.

Nesta liña, ámbalas dúas representantes destacaron a importancia de garantir o acceso do campesiñado ás sementes, recollido na Declaración dos Dereitos Labregos aprobada pola ONU a instancia de La Vía Campesina Internacional, movemento social global do que tanto o MST como o SLG facemos parte, así como a activar de maneira urxente medidas públicas que nos permitan encamiñarnos cara á soberanía alimentaria dos pobos.

REGULARIZACIÓN ▸ O prazo de sinaturas estará aberto até o 23 de setembro

Campaña REGULARIZA

Recollida de sinaturas para a regularización extraordinaria de persoas migrantes no Estado español

Regularización Xa é un movemento estatal de organizacións polos dereitos das persoas migrantes. Trátase dunha rede de colectivos migrantes e antirracistas autoorganizadas cuxo obxectivo é lograr a regularización das persoas para que todas poidan escribir a súa propia historia e obter, ao fin, xustiza social. Para iso, están levando a cabo unha recollida de sinaturas para a regularización extraordinaria de persoas estranxeiras no estado español. Poden asinar esta iniciativa todas as persoas de nacionalidade española, maiores de 18 anos.

A recollida final das sinaturas presentarase no Congreso dos Deputados o vindeiro 23 de setembro de 2022. A través do enlace https://esenciales.info/ accédese á plataforma mediante a cal se pode asinar online, solicitar o envío do material por correo, ou consultar os puntos físicos onde están dispoñíbeis as sinaturas para poder asinar en man.



O día 1 de xullo, asinando a campaña na praza de América, en Vigo, logo de manifestarse polos dereitos das persoas migrantes e pedir xustiza social.

RACISMO INSTITUCIONAL ▸ Demandamos asistencia legal e sanitaria de calidade para as persoas que sobreviviron á brutalidade policial en Melilla

Migrantes atacados polos gobernos nas fronteiras: racismo institucional ao servizo do capitalismo neoliberal

O SLG asistiu ás diferentes manifestacións que se convocaron na Galiza, esixindo responsabilidades e medidas políticas reais



Algúns dos carteis que inundaron as rúas da Coruña co fin de esixir responsabilidades polo acontecido en Melilla o 24 de xuño.

O Sindicato Labrego amosou o seu total apoio ás familias das persoas asasinadas e ás persoas migrantes vítimas da brutalidade policial coordinada polos gobernos español e marroquí na fronteira de Melilla o pasado 24 de xuño. Esiximos responsabilidades aos reinos de España e Marrocos pola brutalidade desta carnicería policial con ducias de asasinatos e centos de feridos. Por iso, apelamos ao Goberno español a actuar de xeito inmediato para garantir a asistencia sanitaria e legal das vítimas que sobreviviron a esta operación de bloqueo despregada polas forzas armadas de España e Marrocos. Demandamos que se apliquen de xeito escrupuloso todos os tratados de dereitos humanos, a todas as migracións, e igual trato a todos os seres humanos independentemente da cor da súa pel ou país de procedencia. Neste senso, urxe a aprobación dunha nova Lei de Estranxeiría que garanta o absoluto respecto aos dereitos humanos e migratorios.

Denuncias feitas públicas

No Sindicato Labrego esiximos, asemade, que se aclaren as denuncias feitas públicas por parte de varias organizacións da sociedade civil en relación á presión exercida contra os campamentos de persoas migrantes nas semanas previas. Ditas coaccións poderían ter procurado desesperar aínda máis a estas persoas para provocar con urxencia unha entrada en territorio europeo.

Cabe a posibilidade de que esta reacción fora prevista polos Gobernos español e marroquí, preparando a tal efecto unha intervención violenta que permitira afondar no discurso racista fronte á poboación europea, ao tempo que proporcionaba imaxes disuasivas para a poboación africana. O racismo institucional esgrimido con orgullo polo presidente Pedro Sánchez ao valorar de xeito positivo a violencia directa infrinxida contra a poboación africana é se cabe aínda máis repugnante cando vimos de comprobar nestes últimos meses, a raíz da xestión de refuxiadas ucraínas a fluidez coa que poden ser acollidas as persoas que precisan entrar na UE.

Milleiros de persoas levan décadas fuxindo das guerras e insostíbeis conflitos presentes nos seus territorios. Canda esta violencia, as políticas de espolio colonial que desangran o continente africano son tamén a principal causa da fame enquistada que estrangula boa parte dos seus países. O acaparamento de terras agrarias por parte de grandes trasnacionais, así como as secas vinculadas ao quecemento global provocado polo desbaldo de recursos naturais dos países enriquecidos, son algunhas das principais causas que obrigan a estas persoas a migrar.

Ningún cargo público cómplice da violencia organizada contra persoas inocentes debería poder permitirse seguir cobrando un salario pagado cos nosos impostos. A barbarie pactada entre os gobernos español e marroquí contra a poboación migrante africana -á que lle podemos tamén engadir o abandono do pobo saharaui-, non só mostra que tipo de alianza volveron reactivar ambos os dous países, senón que evidencia unha vez máis a estratexia de muros da violencia -Marrocos, Turquía...- da que os gobernos criminais e asasinos da Unión Europea fan uso para continuar perpetuando as desigualdades económicas que permiten ás minoritarias elites político-económicas globais seguir mantendo os seus privilexios á costa das vidas do resto da humanidade e do propio planeta.



Varias persoas manifestándose na praza América de Vigo, o pasado 1 de xullo.

OTAN ▸ A Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) é unha organización armada legalizada que acapara máis da metade do gasto militar mundial

Gastar o erario público en armas, asasinar, ensinárnolo pola TV, manipularnos co medo e mercar máis armas cos nosos cartos

Calcúlase que este ano ducias de millóns de persoas incrementarán as cifras de poboación que padece fame severa



Xosé Ramón Cendán, coordinador das Relacións do SLG cos Movementos Sociais, na concentración convocada na Coruña.

A OTAN é a principal multinacional da guerra. A súa función é perpetuar as dinámicas de espolio colonial a favor dos oligarcas e grandes imperios empresariais dos países que forman parte da OTAN e dos seus principais aliados.

As súas intervencións violentas contra a poboación son financiadas con cartos públicos, que en lugar de seren invertidos en sanidade, educación ou na construción dunha cultura da paz a nivel global, son empregados para manter vivo un escenario internacional pavoroso que permita aos gobernos dos países enriquecidos argumentar que, ou facemos parte desta organización armada, ou serán outras poboacións quen nos vexan a nós morrer pola televisión. Dende o Sindicato Labrego Galego esiximos a disolución da OTAN e demais estruturas mundiais ou rexionais que procuren fins similares, co obxectivo de iniciar o desarme mundial. Por iso, apoiamos todas as accións e mobilizacións convocadas como protesta polo cumio de gobernos criminais da OTAN e participamos nas concentración convocada nas diferentes zonas da Galiza.

A fame severa no mundo está provocada polo espolio de recursos por parte do capital financeiro e das multinacionais dos Estados industrializados, e a acumulación infinita á que se adican para dominar o mundo por medio da fame e do aparato militar. Son os países industrializados os responsábeis do cambio climático e das guerras, polo tanto, os que incrementan as fames estruturais. Esta situación provoca miseria, migracións e morte por fame debido ás barreiras dos Estados industrializados á migración.


Representantes do Sindicato Labrego Galego estiveron presentes na mobilización convocada o 29 de xuño na Delegación do Goberno na Coruña.

Queremos que os cartos se gasten en vida, non en morte

O maior orzamento militar dos países industrializados é a OTAN. Non podemos permitir como sociedade o incremento do gasto militar, financiamento que debe ser investido na cultura pola paz e da cooperación a favor da humanidade. Estes orzamentos deben ser empregados en repoñer os ecosistemas en todo o mundo -especialmente nos países máis espoliados-, recuperar todas as terras de cultivo para a agroecoloxía e a soberanía alimentaria de cada pobo ou Estado e, se fai falla complementar, que se faga en base á cooperación e eliminando o roubo de recursos. Os orzamentos militares deberían ser empregados para manter unha produción de alimentos para toda a humanidade, garantindo unha dieta suficiente e nutritiva mentres os seus pobos non alcanzan a soberanía alimentaria.OTAN emprégase contra as poboacións civís dos territorios onde as elites dos países integrantes da Alianza teñen determinados intereses económicos ou estratéxicos. OTAN non é defensiva, é ofensiva.

Levamos décadas con cada vez máis conflitos nos territorios espoliados e empobrecidos, acompañada por máis violencia nas pantallas dos territorios enriquecidos -que vai anulando a nosa sensibilidade até non distinguirmos un telexornal dunha película-. No capitalismo, a morte é un produto máis: véndese, mércase e consúmese.

AGROINDUSTRIA ▸ A palestra titulada "A Agroindustria é machista e patriarcal" tivo lugar o mércores 22 de xuño no Centro de Interpretación de Parques e Xardíns de Belvís (Compostela)

A Agroindustria é machista e patriarcal

Sonia Vidal, María Ferreiro, Ximena González e Angels Escrivá reflexionaron arredor de como a agroindustria afecta á vida das mulleres

A xornada aberta ao público "Agroecoloxía ou barbarie. Como nos maltrata a agroindustria", coordinada polo SLG, acolleu a palestra "A Agroindustria é machista e patriarcal". O encontro tivo lugar o mércores 22 de xuño no Centro de Interpretación de Parques e Xardíns de Belvís (Compostela). Nel participaron as compañeiras do SLG Sonia Vidal, membro do Comité de Coordinación da ECVC e da Executiva do SLG; e María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG; canda Ximena González, activista da Marcha Mundial das Mulleres e a profesora Angels Escrivá, que realizou unha conexión virtual dende Huelva.



De esquerda a dereita, Sonia Vidal, María Ferreiro e Ximena González durante as súas intervencións na palestra titulada "A Agroindustria é machista e patriarcal".

A agroecoloxía (sempre feminista) fronte á Agroindustria

Sonia Vidal abriu a mesa cunha palestra titulada "A agroecoloxía (sempre feminista) fronte á Agroindustria, reflexionando sobre o papel das mulleres nas granxas. "As labregas traballamos nas nosas casas e nos coidados dos nosos familiares. Eses traballos non nos dos deixan tempo moitas veces a tomar rumbo, como pode ser, acceder a postos de dirección", apuntou. De seguido, explicou que as granxas galegas adoitan ser medianas e pequenas, e que a agroecoloxía "non é máis que producir alimento de forma sostíbel", resaltando que hai que ter coidado co uso que se está facendo dela, porque está dende institucións neoliberais están comezando a empregar o termo deformando o seu verdadeiro significado.

Ademais, Vidal suliñou a importancia que posúen as producións a pequena escala, e que debemos demostrarlle ás veciñas e aos veciños dos diferentes lugares que as producións que teñen ao lado da casa son moito máis sostíbeis e beneficiosas que as dos grandes supermercados que ofrece a agroindustria, e que axudan a ter unha ordenación do territorio moito máis efectiva. "Non somos só labregas, senón moito máis", salientou, destacando o papel das mulleres como dinamizadoras do rural. "Iso todo é a agroecoloxía, non só producir sen pesticidas e ter o selo de agroecolóxico". Alén de ser membro do SLG, Vidal forma parte do Comité de Coordinación da ECVC. Ao respecto da organización, á que pertence o SLG, engadiu que na Vía Campesina traballamos para que as mulleres poidan avanzar na participación de tomas de decisión, téndose aprobado a paridade nos órganos de dirección xa no ano 2000.



Entre o CAPITAL e a VIDA

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, salientou que estamos a vivir un conflito entre o CAPITAL e a VIDA. Un conflito entre a vida dos seres vivos e vida do planeta. As mulleres, sufrimos de xeito directo as consecuencias do sistema capitalista que se alía co patriarcado. "As mulleres producimos máis do 50% da alimentación do mundo", afirmou Ferreiro. "Esta producción é feita desde a proximidade, coas nosas propias producións e coas nosas maneiras de facer".

Os alimentos que producimos son tamén para as nosas comunidades. Moitas veces estes alimentos son denigrados e carentes de valor, e, polo tanto, o que nós facemos como mulleres e como labregas tamén pasa a forma parte do plano da invisibilidade. "Estas graves opresións que sufrimos tamén as padecemos nos nosos corpos como mulleres. As mulleres labregas fomos ao longo da historia quen de custodiar as sementes, e de manter as granxas e esas actividades que dunha vez por todas temos que ser quen de poñer en valor".

Por iso, sinalou Ferreiro, "debemos poñer a Vida no centro, nas nosas organizacións e nas nosas políticas". Para logralo, débese rachar coa construcións de roles sexuais que traen unha forte división discrimatoria do traballo, onde se coloca á muller na parte reprodutiva e ao home na parte do traballo. "Producir bens está considerado algo remunerado, e toda a parte reprodutiva é unha parte que está invisibilizada e carente de valor. Todo iso non se contempla na economía oficial".

A saúde e os dereitos das mulleres

Os dereitos económicos e sociais das mulleres labregas

A progresiva industrialización do agro nestas décadas encamiñouse cara á producións en grande escala e cara as grandes cadeas de produción. O modelo agroindustrial enaltece a produtividade fronte á lóxica máis achegada ao propios ciclos da natureza e, polo tanto, máis sostíbel, rompendo o vínculo produtivo. A parte masculina gaña poder e status neste sistema de organización social.


María Ferreiro explicou que hai un ano dende o Sindicato Labrego Galego participamos nun estudo feito pola organización vasca Mundubat sobre os dereitos económicos e sociais, confirmando a desigualdade de oportunidades no que respecta ás mulleres: "as mulleres temos menos terra en propiedade que os homes, e os nosos territorios de producións son moito máis pequenas, non somos donas das nosas actividades". A seguir, fixo referencia á Lei de titularidade compartida, aprobada en 2011, que cifraba no seu momento que podería haber 35.000 mulleres que se acolleran a ela. "Pasaron 10 anos e en todo o estado español non chegamos ás 1.000 solicitudes. Que está a acontecer? Que pasa e que segue a pasar con estas mulleres e en que situación están?", cuestiónase Ferreiro.

"Case nunca percibimos un salario polo noso traballo, non estamos afiliadas á seguridade social, temos menos acceso ao recursos como a auga, o crédito, a formación, e tamén seguimos a día de hoxe enfrontámonos a unhas barreiras cunha certa invisibilidade para poder participar en pleno dereito e con plena lexitimidade nos espazos das nosas organización, comunidades ou no noso día a día".

Se falamos do mundo agrario, a PAC é un dos condicionantes, e este fondos destínanse principalmente a pagos directos, que van ligados a unidades de superficie, que maioritariamente están en mans de homes. A palabra muller neste estudo non aparecía en ningún texto da PAC. Todas as veces que aparecía a palabra muller era con "mulleres e mocidade". "Esta PAC que ía a ser a PAC que corrixira as desigualdades, segue a ser a día de hoxe un borrador e uns folios que están en algún caixón".



Sonia Vidal, María Ferreiro e Ximena González canda a profesora Angels Escrivá, que interviu mediante conexión virtual dende Huelva. Abaixo, un dos carteis feitos polas persoas participantes no seminario o día 23 de xuño.



No estudo feito por Mundubat analizáronse programas de desenvolvemento local e comprobamos que maioritariamente están escritos en termos masculinos e moi poucos inclúen unha linguaxe inclusiva. Ademais, ponse de manifesto que as áreas de mulleres moitas veces son secundarias. Nalgunhas organizacións teñen voz pero non voto, e son en poucas nas que teñen un carácter transversal en toda a organización.

A agroindustria, ferramenta do sistema capitalista

A activista Ximena González, integrante da Marcha Mundial das Mulleres, explicou que desde a organización traballan con dúas alianzas a nivel mundial: con La Vía Campesina, a través do SLG, e con Amigas da Terra, co obxectivo de defender o territorio e todo o que ten que ver coa alimentación. "A agroindustria é unha ferramenta do capitalismo", reflexionou González, "comemos, producimos e cociñamos como o capitalismo quere que o fagamos".

Nese sentido, lembrou a máxima de que comer e cociñar son actos políticos, e que debemos romper a loxística capitalista co fin de repensar os coidados domésticos e, tamén, despatricalizar o concepto de familia. "A soberanía alimentaria ten que ver coa saúde das mulleres. Non hai mecanismos para ver como afectan os ultraprocesados e os pesticidas ás mulleres porque todo se centra no home".

Dereito á saúde para as xornaleiras de Huelva

A palestra pechou coa conferencia virtual de Angels Escrivá, profesora da Universidade de Huelva e activista feminista de Mujeres24H, titulada "Dereito á saúde para as xornaleiras en Huelva", na que afondou nas terríbeis consecuencias físicas e psicolóxicas que supón para a saúde das mulleres o traballo agrícola intensivo. Detívose no caso das traballadoras dos froitos vermellos de Huelva. Arredor da metade das persoas traballadoras nestes campo son mulleres. As procedentes do Estado español adoitan ocupar os cargos máis altos, e as africanas son as que ocupan os postos máis baixos, sufrindo os impactos físicos máis fortes. Recóllense as condicións que inflúen na saúde das mulleres:

Condicións

- **Condicións laborais:** excesivo esforzo, falta de equipos de protección seguros e ergonomía aplicada a labores, contratos e salarios moi variábeis.
- **Condicións ambientais:** toxicidade química en plantas, terra, aire e auga, exposición ás inclemencias do tempo e risco de calendario, exposición a plantas e animais, traballar baixo plásticos nos cultivos.
- **Condicións sociais:** illamento nos campos e falta de acceso a bens e servizos, mala alimentación e hidratación, falta de información completa e entendíbel, violencia (verbal, psicolófica, física e sexual).

Axudas para persoas coidadoras

Concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro Familiar para persoas coidadoras. **Prazo aberto até o 31 de outubro** (código de procedemento BS614B). Máis información nas oficinas do SLG.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais

As indemnizacións polo sacrificioobrigatorio de animais en execucióndе programas e actuacións oficiais devixilancia, loita, control e erradicacióndas súas enfermidades neste 2022 poderán solicitarse até o **30 de novembro** (código de procedemento MR553C).

Axudas para o fomento da economía social

Bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol-Economía social). O **prazo estará aberto até o setembro** (códigos de procedemento TR802G e TR802J).

Axudas do programa EMEGA para emprego de mulleres

O programa Emega comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres. **Prazo aberto até o 12 de agosto** (código de procedemento SI429A).

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Axudas para paliar os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2021. O **prazo de presentación será de 1 mes** contado dende o día seguinte ao da comunicación do dano (código de procedemento MT809B).

Axudas para a consolidación do emprego autónomo

Estas subvencións teñen dúas liñas:
1. Axudas á conciliación do emprego autónomo. Prazo aberto até o **30 de setembro** (código de procedemento TR341R).
2. Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas.
Prazo aberto até o **30 de setembro** (código de procedemento TR349F).

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero. **Prazo aberto permanentemente** (código de procedemento SI434A). Máis información na túa oficina do SLG.

Axudas excepcionais polo incremento de custos

Real Decreto 428/2022 polo que se establece a concesión directa dunha axuda para os sectores de **Vacún de carne, Ovino e caprino, Avicultura de carne, Cunicultura e Cítricos**, co fin de compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico en Ucraína. Trátase de axudas directas que xestiona o propio Ministerio de Agricultura a partir dos datos das axudas da PAC. Hai que comprobar a inclusión nos listados de persoas beneficiarias cando saian publicadas na web do FEGA, e hai que achegar documentación cando sexa requirida nas publicacións. Para máis información contacta coa túa oficina do SLG.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

016

Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese
-Muíño e desgranadora de millo en perfectas condicións. (Celia Mourín)
☎679798402

Véndese
-Autocargador, extendedor, bertolina e sulfatadora
☎626 686 509 (Zona de Portomarín)

Véndese
-Can de palleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese
- Vacas pintas de leite
☎650 107 657

Véndese
-Touro puro limusín francés con carta, moi manso (5 anos). Véndese por ter moita crianza do mesmo
-Touro puro Angus (ten 4 anos)
Zona de Lugo
☎690774565

Véndese
-Tractor Same de 120 CV (bo estado). Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982183019

Véndese
-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeración de leite de 2000 L. Lavado automático marca SERAP
-Abonadora Aguirre Tafaya 400kg.
-Tanque conservación semen
- Silo penso 6000kg.
(José Antonio Calviño, Olas - Mesía)
☎659 927 961



Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-1 canón de rego. OMNIX. 220 metros.
-1 canón de rego. Pulmonía. 260 metros.
☎ 616 069 638

Véndese
-Pinza portarrolos en Castroverde
☎617 655 320 (Dosindo)

Véndese
-Autocargador Galagri case novo, por falta de uso
☎(606 739 438)

Véndese
-Vaca mestiza de 2 anos e medio (aproximadamente) preñada de 7 meses. É xovenca. Na parroquia de Abadín (Aldixe)
☎982526886
(José Dario Portela)

Véndese
-Prensa de queixo de 4 liñas.
-Cuba para queixo de 800 Litros.
-Estantes para cámara. Bo estado.
☎609 73 32 89

Véndese
-Remolque agrícola 3x1,70. Bo estado e non ten que pasar ITV até 2025. Con rodas novas Fotos por whattsap
☎659 993 345 (Carlos)

Véndese
-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese
-16 Vacas (preñadas e con becerros)
-Tractor MCCORNIC 145cv.
-Cisterna 8000l, con carga automática , con tander. -Rotoclass 385 picadora, con rotor e malla
-Arado de 4 regos
-Rotativa con acondicionador POTINGER de 3,10 de corte.
-Batidor de xurro con botella de inclinación
-Cultivador de 9 dentes
-Pala Tenias B3
-Pesa dianteira para o tractor.
☎606 508 189 (Miguel, Láncara)

Véndese
-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01 (Oza - Cesuras)

Véndese
-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.

☎636 915 510 (José Antonio, Calde)

Véndese
-Silo de millo
-Rolos de silo
-Rolos de herba seca
-Cargador rotativo
-Segadora bcs
-Estendedor e hilerador de herba seca
-1 punto da PAC da rexión 703
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese
-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese
-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese
-Becerros Limousin
☎685 884 257 (Javier, Lugo)

Véndese
-Autocargador Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese
-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural. Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese
-Viño do país branco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese
-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese
-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese
-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese
-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese
-Autocargador Galagri case novo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese
-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo
☎678 616 746 (Paco)

Véndense
-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Vendese
-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndense
-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese
-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndense
-Autocargador Marangón de 13 coitelas
-Angazo xuntador Kunh
-Estendedor de silo
-Desensiladora BVL de dobre coitela
-Rolos de silo e herba seca
☎689 552 293 (Guntín)

Véndense
-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Rotativa Pottinger de 3.80 de corte
-Angazo de 6 campás Kuhn.
-Aboadora 2.000 kg Amazone
-Aboadora 500 kg (propia para sementeira de herba) marca Vicon
-Seat Ibiza
Por peche de granxa Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense
-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidábel e baixo consumo
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático
☎981 781 879 / 636 650 908

Véndese
-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndense
-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560
☎627 936 604 (En Oroso)

Véndense
-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndense
-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1. 000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese
-Silo de 5.000 Kg dividido. Leva moito tempo parado. O funil ten un anaco podre: 300 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas en perfecto estado: 200 €
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros: 50 €
-Plataforma para coches sen documentación: 700 €
-Rolos de herba seca do ano 2019: 25 €
-Rolos de silo de herba seca do ano 2019: 35 €
-Alpacas de herba seca pequenas do ano 2019: 3 €
-Sala de muxido MIELE de 4 puntos, pulsadores optiplus, bomba de 1.200, medidores de cristal de 33 kg. Todo en perfecto estado: 4.000 €
-Pataca branca Kenebec, perfecta tanto para fritir como cocer: 0'50 € / kilo.
-Segadora Fella 208. Nova. 5 discos: 4.000 €
En Cambre (A Coruña).
☎667 925 467 (Verónica)

Véndese
-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese
-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndense
-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndense
-Vacas frisoas por peche de granxa. Boa xenética e boa produción
☎722 763 880

Véndese
-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese
- 52 Rolos de silo
- 20 Rolos de herba seca
- 2 Silos de millo
- 1 Colledora/Segadora BCS
- 1 Estendedor e hilera dora de herba seca
☎680 92 68 16
(Balbina)

OUTROS

Alúgase
-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia. (preguntar por Balbina)

Alúgase
-Instalacións con palleira e prados (15ha.)
☎606 508 189 (Miguel, Láncara)

Alúgase
-Cuadra (Ordes – Trazo Km. 6, Numide – Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase
-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase
-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanas)

Alúgase
-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Regálase
-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎620 262 786 (Pili)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

sindicato
labrego galego
comisións labregas



CONGRESO DO VIÑO DO SLG



11 de agosto

en Ribadavia (Ourense)

Para máis información:

630970131

669808418

FOUCE 339
Xuño-Xullo 2022

DÍA DA GALIZA

Chegamos ao Día da Patria Galega cas produtoras e produtores de alimentos do noso país loitando cada día contra un intencionado abandono da Administración que procura deixar o campo deserto para o avance da agroindustria. As labregas e os labregos vimos décadas alertando dos riscos de depender de insumos e alimentos producidos a milleiros de quilómetros, e demandando medidas que nos permitan acadar algo tan básico para a dignidade humana como é o dereito á nosa soberanía alimentaria.

sindicato labrego galego
comisións labregas

Soberanía para enfrontar a violencia do capital


Un ano máis o Sindicato Labrego Galego (SLG-CCLL) mobilizouse canda milleiros de galegas e galegos o 25 de xullo en Santiago de Compostela, con motivo do Día da Patria.

O avance do capitalismo neoliberal evidencia día a día a urxencia de protexer, e recuperar, unha soberanía que está no punto de mira das elites económicas a nivel mundial: a soberanía dos pobos.

A alarmante connivencia das administracións públicas co modelo de desenvolvemento capitalista está impactar directamente contra a vida das persoas e do planeta no seu conxunto. Na Galiza, o aliñamento da Consellaría do Medio Rural co *lobbie* agroindustrial e as portas xiratorias entre a Consellaría de Medio Ambiente e as empresas eólicas son exemplos manifestos. Tamén a eliminación do dereito á participación pública fronte a proxectos de negocio lesivos para o medio ambiente, como vén de facer o Goberno de España a través dos RDL 6/2022 e 11/2022.

Chegamos ao Día da Patria galega cun país no que os servizos de extinción de incendios son planificados en función dos intereses económicos de fondos de inversión estranxeiros. Cun país no que a poboación ten que defender as súas vivendas e as súas terras da expropiación forzosa ca que a Xunta quere participar no negocio do oligopolio enerxético internacional.

Para pór fin ao ataque directo contra os nosos alimentos, a nosa auga, os nosos montes, a nosa cultura, a nosa lingua, precisamos dun goberno galego que realmente cumpra co deber de defender ao pobo. Precisamos a nosa soberanía para situar os dereitos da Vida por riba dos intereses do capital.



Imaxes das mobilizacións do Día da Patria Galega nas rúas de Compostela e na praza da Quintana o luns 25 de xullo.





